

PROGRAMA DE AXUDAS PARA USO DE ESPAZO DE TRABALLO COMPARTIDO - COWORKING NO CONCELLO DE ALLARIZ

OBXECTO

A través desta convocatoria regúlase o Programa de axudas do Concello de Allariz para o uso dun posto de traballo no espazo de traballo compartido BenComún Coworking, co obxecto de favorecer o nacemento, arranque e consolidación de novas empresas, a xeración e emprego e autoemprego, e a dinamización económica do concello.

A finalidade deste Programa é proporcionar un servizo a persoas traballadoras independentes, autónomas e/ou microempresas que requiran dun espazo para desenvolver a súa actividade empresarial - un posto de traballo nun espazo de traballo compartido - en diferentes formatos, segundo a dispoñibilidade do espazo BenComún Coworking.

Cada posto de traballo estará dotado do mobiliario básico, acceso a internet e aos espazos e servizos cos que conta BenComún Coworking .

BENEFICIARIOS

A entidade beneficiaria da axuda será a empresa que preste o servizo de posto de traballo no espazo de traballo compartido BenComún Coworking.

Serán beneficiarias finais do servizo subvencionado as persoas que sexan traballadoras independentes, autónomas ou microempresas, é dicir, calquera que sexa a súa forma xurídica-societaria. Dita condición deberá xustificarse adecuadamente mediante documentos acreditativos de ter iniciada a actividade empresarial ou de estar cos trámites de constitución da mesma, alta no IAE e alta da Seguridade Social. O domicilio social das mesmas deberá figurar no termo municipal de Allariz.

Poderán beneficiarse deste Programa:

- a) Emprendedores que na data da solicitude non estean exercendo a actividade. Neste suposto deberán xustificar que están coa tramitación correspondente para a súa alta no IAE, autónomos...
- b) Empresas ou autónomos que comecen a súa actividade económica coa súa instalación no coworking.

- c) Empresas xa constituídas en período de incubación (antigüidade inferior a 1 ano).

Os/as beneficiarios/as finais da axuda somentes poderán acollerse unha vez á mesma.

DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA E CUANTÍA AXUDA

O Programa de axudas para uso dun espazo de traballo compartido conta cun importe global máximo de 6.000 € para a anualidade 2018, dentro da partida orzamentaria 4321.226.99 da Área de Promoción Económica do Concello e Allariz.

O/A beneficiario/a final do servizo contará cunha axuda máxima de do 40% do coste do servizo de coworking durante o período dun ano.

SOLICITUDE DA AXUDA

As solicitudes realizaranse ante o Concello de Allariz e o prazo iníciase o día seguinte á publicación desta convocatoria na sede electrónica do Concello de Allariz ata a finalización da dispoñibilidade orzamentaria.

O procedemento de solicitude será o seguinte:

- Anexo I debidamente cumprimentado e asinado polo beneficiario/a final do servizo.
- Fotocopia do DNI do solicitante, e si son varios os partícipes no proxecto fotocopia do DNI de todos/as eles/as
- Certificado de Alta no IAE ou documento equivalente
- Certificado de alta na Seguridade Social ou documento equivalente
- Descrición do Proxecto ou Plan de Empresa.
- Curriculum Vitae
- Certificado acreditativo da situación censal e de domicilio social da empresa.
- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, Facenda Local, e a Seguridade Social.
- Si é unha sociedade, copia da escritura de constitución da empresa, así como da escritura de poder ou documento de representación legal da persoa que solicita a axuda

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Serán criterios de valoración, non excluíntes, das persoas beneficiarias, os seguintes:

- Proxectos empresariais viables e innovadores (ata 4 puntos)
- Persoas menores de 35 anos (2 puntos)
- Mulleres (2 puntos)
- Persoas en risco de exclusión social (2 puntos)
- Persoas desempregadas de longa duración, dentro do Servizo Público de Emprego de Galicia (1 punto)
- Niveles de creación de emprego (1 puntos)

As solicitudes serán valoradas pola Área de Promoción Económica do Concello de Allariz, atendendo aos diferentes criterios. Poderán incorporarse ás reunións de valoración de solicitudes, profesionais e expertos invitados, en función do sector para o que se presenten as solicitudes.

RESOLUCIÓN

A adxudicación da axuda realizarase mediante resolución de Alcaldía, tralo informe técnico da Área de Promoción Económica, e a súa publicación na sede electrónica do Concello de Allariz.

Esta adxudicación deberá ser remitida ao solicitante no prazo máximo de 15 días dende a presentación da solicitude por parte do interesado.

No caso de que se presenten máis solicitudes, e non existan espazos libres ou estea esgotada a partida orzamentaria, crearase unha lista de espera cos proxectos restantes. A incorporación a esta lista de espera non significa que exista prioridade na adxudicación, xa que esta farase sempre en función da puntuación de cada solicitude, polo que no momento de existir espazo ou dispoñibilidade orzamentaria valoraranse as solicitudes da lista de espera e as novas presentadas, e adxudicarase á proposta que obteña a maior puntuación.

XUSTIFICACIÓN

A xustificación da axuda realizarase mediante a seguinte documentación:

- Anexo II - certificado da entidade prestadora do servizo de coworking.
- Anexo III - declaración de compromiso do usuario/a final do servizo.

PUBLICIDADE

No local onde se realicen os servizos subvencionados deberá figurar, de xeito visible, un cartel informativo no cal constará o financiamento por parte do Concello de Allariz.

CONTROL DE SEGUIMENTO DO PROGRAMA

O Concello de Allariz poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das axudas.

Allariz, 31 xullo de 2018